# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES
CURSO: 1º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

## PERFIL DE ÁREA

| Área: | PLE |
|---|---|

| Nivel | Área | Estándares | Criterios de avaliación | Competencias |
|---|---|---|---|---|
| Bloque 1: Comprensión de textos orais | | | | |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.1-Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | ***Comprender a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.2-Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. | ***Comprender vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.3-Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. | ***Comprender Información básica sobre sí mesmo con axuda. | CCL<br>CCA |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.4-Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis). | ***Seguir instrucións e comprender peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis). | CCL |
| Bloque 2: Producións de textos orais | | | | |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.2-Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos). | ***Preguntar e responder para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos). | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.3-Amosa unha actitude de escoita atenta | ***Amosar unha actitude de escoita atenta | CCL<br>CSC |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.4-Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | ***Reproducir comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | CCL<br>CSC |
| Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | | |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.1-Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. | ***Comprender palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.2-Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | ***Comprender a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identificar os e as personaxes principais. | CCL |
| Bloque 4: Produción de textos escritos | | | | |
| 1º | PLE | 1º-PLEB4.1-Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. | ***Escribir palabras relacionadas coa súa imaxe e vida cotíá. | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB4.3-Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | ***Escribir frases moi sinxelas, lexibles, traballadas diariamente como rutinas, e con apoio oral e visual. | CCL |
| Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.2-Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. | ***Recoñecer e utilizar fórmulas básicas de relación social. | CCL<br>CSC |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.3-Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala. | ***Participar voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala. | CCL<br>CSIEE |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.4-Diferencia saúdos de despedidas e usa fórmulas de crotesía (Please, thank you, excuse me) | ***Diferenciar saúdos de despedidas e usa fórmulas de crotesía (Please, thank you, excuse me) | CCL<br>CSC |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.6-Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad) | ***Expresar e identificar estados de ánimo básicos (happy, sad) | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.7-Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) o acordo (That's right). | ***Expresar e identificar o permiso e a prohibición (you can/can´t) o acordo (That´s right). | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.9-Diferenza preguntas e respostas moi simples. | Diferenciar preguntas e respostas moi simples. | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.10-Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. | ***Memorizar rutinas lingüísticas moi básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. | CCL |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.11-Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. | ***Participar activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. con axuda. | CCL<br>CSC |

| 1. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>- Uso de TIC durante o confinamento para comunicación e intercambio de tarefas.<br>- Observación nas reunións virtuais Webex<br>- Análise das producións dos alumnos/as.<br>- Rexistro das actividades enviadas polos alumnos. |
| | Instrumentos:<br>- Alumnado:<br>- Producións orais mediante o envío de vídeos<br>- Resolución de actividades e traballos realizados<br>- Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ ou libreta do profesor |
| **Cualificación final** | **En relación á 3ª avaliación e a avaliación final**, o noso centro parte das seguintes premisas:<br>**3ª Avaliación**<br>- Adaptación da programación para o 3º trimestre.<br>- Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.<br>A partir disto:<br>-Alumnado coa media suspensa: Poderá **optar** ao aprobado na área presentando as tarefas propostas polo profesorado.<br>-Alumnado coa media aprobada: Poderá **optar** a mellorar a cualificación presentando as tarefas propostas polo profesorado.<br>**Avaliación final**<br>A cualificación final será a media das tres avaliacións.<br>O profesorado fará un seguimento e avaliación das tarefas deste trimestre co fin de preparar o informe individual de cada alumno e alumna. Esta avaliación terá carácter diagnóstico. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación:<br>Non hai alumnos con materia pendente neste nivel. |
| | Criterios de cualificación:<br>- Teranse en conta os resultados da 1ª e da 2ª avaliación.<br>- Valorarase a realización das actividades de recuperación, reforzo e repaso realizadas no 3º trimestre de cara a unha cualificación positiva. |

| | |
|---|---|
| | |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>- Análise das producións dos alumnos/as.<br>- Comprobación e corrección da entrega de actividades propostas ao alumnado.<br>- Observación nas reunións virtuais (cando sexa posible).<br>- Uso de TIC (sempre que sexa posible).<br><br>Instrumentos:<br>- Alumnado: Actividades e traballos realizados.<br>- Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra. |

| **2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades do terceiro trimestre están enfocadas no reforzo das catro habilidades que son necesarias para comunicarnos de forma clara e completa nun idioma.<br>Propoñemos actividades para que o alumnado realice de forma semanal ou quincenal que teñen como obxectivo o repaso e reforzo dos distintos bloques Didácticas traballados durante o primeiro e o segundo trimestre.<br>As actividades propostas son normalmente cancións e vídeos para que continúen reforzando a expresión oral, vídeos interactivos, xogos e actividades on line, algunhas delas con autocorreción inmediata, e actividades escritas a modo de resumen de propostas previas. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | A metodoloxía será activa, participativa e inclusiva partindo dos seus coñecementos previos e potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación **(TIC).**<br>As videoconferencias son unha posibilidade de comunicación e contacto coas nenas e cos nenos.<br><br>As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das familias.<br><u>Con conectividade</u>:<br>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.<br>- Desenvolvemento de actividades interactivas utilizando as TIC como recurso de aprendizaxe.<br>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados, utilizando diferentes fontes de recursos on line . |

| | |
|---|---|
| | Téntase ao mesmo tempo , facilitar estratexias de autocorrección para fomentar a revisión do traballo.<br>Sen conectividade:<br>-Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.<br>- Tarefas propostas ao redor dos contidos traballados para realizar no caderno ou en folios. |
| **Materiais e recursos** | - Recursos:<br>-Actividades descargables, actividades deseñadas polas mestras.<br>- Recursos Tics: páxina web do centro, reunións virtuais, correo electrónico, ,páxinas webs, vídeos, fichas interactivas, kahoots.<br>-Teléfono en casos necesarios |

| **3. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | - Abalar Móbil.<br>- Correo electrónico.<br>- Teléfono.<br>- Páxina web do centro. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |